

VIAXE A GRECIA



A nosa viaxe comeza o xoves 10 de marzo. Moi, moi cediño reunímonos todos no aeroporto de Santiago. Para moitos de nós era o primeiro voo que realizabamos na nosa vida e os nervios estaban a flor de pel. Tivemos que esperar mentres facturabamos a equipaxe e se facían todas esas cousas que se fan nos aeroportos que ninguén entende e que che fan estar alí unha hora sen facer nada e a medida de que pasaba o tempo aumentaba a tensión.

E chegou o momento de de embarcar. Despedidas emotivas, bágoas por aquí, bágoas por alá, o pito do detector de metais, nostáxicos adeuses... pero nós íamos cheos de felicidade. Agora si, a nosa viaxe comezaba ¡O IES de Melide poñía rumbo a Grecia!

Os avións son algo increíble, son bichos enormes que sucen os ceos e cando vas dentro non te enteras de nada, a non ser pola diferenza de presión que che taponan os oídos e iso fastidia un pouco. Ademais, nalgúns momentos estás ao lado das nubes e incluso chegas a ver algunhas

ciudades.

Ao pasar algo máis dunha hora facemos a primeira escala, Barcelona, e como nos sobra tempo os galegos imos conquistar as Ramblas.

Nas Ramblas cada un foi ao seu. Parecía un circo na rúa: mimos, flores, globos e mercados. Así tras unha agradable parada nas terras catalanas arrincamos cara ao país das ruínas por excelencia. Pero non íamos sos, senón que os raparigos de Ames e Pontepedriña tamén se uniron á viaxe.

¿A primeira impresión de Grecia? pois houbo de todo. Imaxínade unha cidade enorme con moitísimo tráfico e x e n t e , mestizaxe de culturas, tendas de todo tipo e o que máis nos chamou a atención, a cantidade de quioscos que alí había.

Pois ben, na nosa estan-

cia en Atenas fixemos as visitas obrigadas a lugares de interese, como xa podeades imaxinar: A Ágora, a Torre dos ventos e, como non, a Acrópole, que foi o principal centro de atención para todos. Nunha palabra, impresionante.

Xa no barrio de Plaka probamos a comida típica de alí: os gyros, os sublakis, os iogures... que en xeral tiveron grande éxito.

Na mañá seguinte achegámonos ao Pireo para embarcar rumbo a Santorini. A curiosidade invadíanos todo o corpo por saber como sería o barco que nos levaría durante oito horas de viaxe. Non estaba mal, era grande, ofrecía servizo de cafeterías e butacas, un elemento importante, pois tras unha noite en vela sen chiscar ollo o único que desexábamos era durmir. Pero a nosa desgracia foi que non nos deixaron nin media butaca para os galegos. Así que cabreados e furiosos ocupamos en cadeiras incómodas calquera recuncho que se nos poñía por diante, roncando coma se podía e máis de un acabou co pescozo retorto.

Santorini é unha illa non moi grande, pero moi bonita, onde puidemos contemplar os seus estratos volcánicos e a súa rechamante estrutura xeolóxica, así como as fermosas vistas que ofrecían os acantila-





VIAXE A GRECIA



dos. ¡E que praias...! con aquela areíña vermella e negra. Por suposto, houbo valente que se mergullaron naquelas augas. E que dicir das profes, que ata luciron os seus tipiños, como non, Susana e Natalia ¡fóra vergoñas!

Pois alí en Santorini, onde estivemos algúns días, tivo lugar a gran festa da viaxe ¿imaxinades? Foi moi divertido, xa pola tarde nos íamos facendo a idea de que íamos vivir unha noite grega, comida grega, camareiros gregos, música grega, bailes gregos, festexos gregos...

Rematamos de cear todos xuntos, Ames, Melide e Pontepedriña; imaxinádevos, ocupábase todo o restaurante, a verdade é que era pequeno, pero... jeje. Todos tranquilos puxémonos a bailar, e aquí hai que puntualizar que Susana soltou a melena e desfrutou coma unha anana alí cos camareiros dálle que dálle... sen pensar mal ¿eh?, que non paraba de suar co que se movía cos ritmos gregos, de feito animounos a todos. E de repente ¡¡¡PLAS!!! todos calamos e miramos para o chan, un camareiro todo ledo comezou a tirar algún prato ao chan e nós ¡jala! ¡ai vai, toleou!. Pero non,

cousas teñen as culturas occidentais, que ben!

O día seguinte volvemos a Atenas para pasar os dous nosos últimos días. Fixemos unha excursión pola Argólida que resultou moi interesante anque algo apurada de tempo. Polo camiño fixemos unha paradiña para ver a canle de Corinto. A seguinte parada foi Micenas, un enclave arqueolóxico da Idade do Bronce, onde puidemos ver a fortaleza do mítico Agamenón, que conduciu aos gregos na guerra de Troia. Paramos en Nauplio para comer, e aínda que non tivemos moito tempo puidemos ver que se trataba dunha fermosa cidade, a primeira capital do estado grego moderno. Rematamos a xornada no famoso e impresionante teatro de Epidauro, onde puidemos comprobar as excelentes condicións acústicas coas que os gregos construían os seus teatros.

O último día foi esgotador, case non sobrevivimos á visita do Museo Arqueolóxico Nacional, pero

explicáronnos que, aínda que agora xa non era moi usual, os gregos cando están moi contentos nunha festa para amosar o ben que o pasan escachan pratos no chan.

¡Q u e

fómonos apañando como puidemos para contemplar a sala micénica e as esculturas da época arcaica e clásica. Tan pronto saímos do museo fomos a toda pastilla a aproveitar as poucas horas que nos quedaban para facer as últimas compras. A partir das catro da tarde comezou a nosa viaxe de regreso de aeroporto en aeroporto ata chegar a Labacolla á 1 da noite, onde nos agardaban as nosas familias.

Alberto, Lorena, Zeltia...entre outr@s.

¡Grecia...! Recordos que nunca esqueceremos. Pasámolo de marabilla naquela viaxe cultural e ao mesmo tempo divertida. Ademais de ver un montón de cousas coñecemos a moita xente nova de outros institutos. Coas que máis migas fixemos foi coas compañeiras do IES de Ames, a verdade é que son xente marabillosa e seguimos en contacto con elas para recordar vellos tempos e correr novas aventuras.

Aquilo é outro mundo. Os primeiro días do regreso botamos moito de menos aquilo e cada vez temos máis ganas de volver. Así que ¡a ver se organizan outra igualiña a esta para o ano! ¿Oíches Susana?. Pero por moito que organicen, par nós esta será inesquecible.

María e Damián.

